

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE CAMBRE***ANUNCIO da aprobación inicial do Plan xeral de ordenación municipal.*

O Pleno da Corporación municipal, en sesión extraordinaria do 1 de decembro de 2022, acordou aprobar inicialmente o Plan xeral de ordenación municipal de Cambre redactado pola entidade Oficina de Planeamento, S.A., o que se fai publico para xeral coñecemento.

Tanto este instrumento de planeamento urbanístico como o seu expediente completo sométense á información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co artigo 60.6 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, así como na páxina web do Concello de Cambre.

Durante o citado prazo, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, poderanse formular as alegacións que se consideren pertinentes.

O Plan xeral de ordenación municipal e o seu expediente poderán ser consultados nas dependencias deste concello, de luns a venres, das 10.00 ás 13.30 horas.

Durante o prazo máximo de dous anos suspéndese o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición, así como de títulos habilitantes para a implantación de usos ou actividades en todo o termo municipal de Cambre, agás naqueles ámbitos onde simultaneamente se cumpran as condicións das vixentes normas subsidiarias do planeamento e as do Plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente, prazo que será contado a partir da data de aprobación inicial deste instrumento de planeamento urbanístico e que se extinguirá en todo caso coa súa aprobación definitiva, de conformidade cos artigos 47.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e 86 do regulamento da lei aprobado polo Decreto 143/2016.

Cambre, 23 de decembro de 2022

O alcalde
P.D. (Resolución 1323/2019, do 1 de xullo)
Juan González Leirós
Concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras

